

DULCE M^a GARCÍA MELLA, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno na sesión ordinaria que tivo lugar o día 25 de maio de 2022 aprobou a modificación do art. 3.1 do *Regulamento de asignación de cátedras a áreas de coñecemento*, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, co V^o e Prace do sr. reitor.

V^o e prace

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Acordo do Consello de Goberno do 25 de maio de 2022 polo que se modifica o Regulamento para a asignación de prazas de catedrático/a de Universidade pola quenda de promoción interna na USC, aprobado no Consello de Goberno do 10 de xullo de 2018 e modificado no Consello de Goberno do 8 de abril de 2019

O Consello de Goberno do 10 de xullo de 2018 aprobou un Regulamento para a asignación de prazas de catedrático/a de Universidade pola quenda de promoción interna que tiña por obxecto establecer o procedemento así como definir os requisitos e os criterios para a asignación de prazas de catedrático/a de Universidade pola quenda de promoción interna a aquelas áreas de coñecemento que contasen con profesorado titular de universidade ou de catedráticos/as de escola universitaria acreditados para o corpo de catedrático/a de universidade. Este Regulamento, que foi modificado puntualmente por acordo do Consello de Goberno do 8 de abril de 2019, constituíu a base normativa pola que se rexeu o proceso de asignación a áreas de coñecemento das prazas de catedrático/a de universidade incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2018, 2019, 2020 e 2021.

De acordo co establecido no artigo 3.1 do referido Regulamento, para poder optar á asignación dunha praza de catedrático/a de universidade pola quenda de promoción interna, as áreas debían contar con profesorado acreditado que cumprise, entre outros, o requisito de "ser funcionario do corpo docente de profesor titular de universidade ou do de catedrático de escola universitaria, con dedicación a tempo completo na USC, estar en situación de servizo activo ou naquelas outras situacións administrativas que signifiquen o dereito á reserva de posto na USC e ter prestado, como mínimo, dous anos de servizos efectivos na dita categoría e condicións".

A redacción actual deste requisito impide que poida asignárselles unha praza de catedrático a aquelas áreas de coñecemento que contan con profesorado acreditado que presta os seus servizos na institución con dedicación a tempo parcial, unha limitación que contrasta coa posibilidade de asignar praza a áreas que contan con profesorado acreditado que se encontra en situación de excedencia con reserva de posto. A maior abastanza, cómpre non esquecer que os requisitos recollidos no Regulamento atinxen ao proceso interno de asignación de prazas a áreas de coñecemento, e non definen de ningún xeito as condicións que deben cumprir, para poderen ser nomeadas, as persoas que resulten seleccionadas nos correspondentes concursos.

Por conseguinte, co obxecto de corrixir esta situación, o Consello de Goberno, tras o acordo atinxido na Mesa de PDI do día 18 de maio de 2022 e o informe favorable da Comisión de Organización Académica Profesorado desa mesma data, acorda modificar o artigo 3.1 do Regulamento para a asignación de prazas

de catedrático/a de Universidade pola quenda de promoción interna na USC, que queda redactado do seguinte xeito:

"Artigo 3. *Requisitos das áreas.*

Para que unha área poida optar á asignación de cátedras, deberá contar con profesorado que cumpra os seguintes requisitos:

1. Ser funcionario do corpo docente de Profesor Titular de Universidade ou do de Catedrático de Escola Universitaria, estar en situación de servizo activo ou naqueloutras situacións administrativas que signifiquen o dereito á reserva de posto na USC e ter prestado, como mínimo, dous anos de servizos efectivos na dita categoría e condicións.

[...]"

Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no taboleiro electrónico da Universidade de Santiago de Compostela.

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 02/06/2022 10:54:28.

Asinante/Firmante/Signer: DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 31/05/2022 14:41:16.

CSV: A3B7-1C5C-4266-93C5